

ras para a renovación de equipamentos individuais de gas na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á convocatoria para o ano 2008 das axudas para a adquisición dos novos equipamentos, do seguinte xeito: o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención amplíase ata o 30 de novembro de 2008.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

Resolución do 25 de setembro de 2008 pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para que os traballadores autónomos poidan tramitar as axudas para a compra de ordenadores persoais a través das entidades colaboradoras coa Consellería de Innovación e Industria, e se procede á publicidade da relación das devanditas entidades colaboradoras seleccionadas ao abeiro da Orde do 26 de xuño de 2008 (procedemento administrativo IN533A, publicado no Diario Oficial de Galicia número 129, do 4 de xullo).

A Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, como órgano instrutor do procedemento administrativo establecido na citada orde reguladora, revisou as solicitudes presentadas ao abeiro da devandita orde, e procedeu á publicación dos requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas, así como á apertura de trámite de audiencia a determinados interesados, mediante a Resolución do 22 de agosto de 2008 (publicada no DOG nº 167, do 29 de agosto). Na citada resolución concedíase aos solicitantes un prazo de dez días hábiles para que emendasen a falta ou achegasen os documentos preceptivos ou, de ser o caso, respondesen ao trámite de audiencia.

Unha vez concluído o prazo de emenda e de audiencia, e revisada a documentación achegada polos solicitantes, por proposta da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, o conselleiro de Innovación e Industria, con data do 19 de setembro de 2008, ditou as resolucións en que se identifican as entidades colaboradoras seleccionadas e as non seleccionadas ao abeiro da Orde do 26 de xuño de 2008.

Segundo o establecido no artigo 10 da devandita orde, para acceder á condición de entidades colaboradoras, as entidades seleccionadas favorablemente deben asinar un convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria para acadar a condición de entidade colaboradora, con suxeición ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Con data do 24 de setembro de 2008, procedeuse á sinatura dos devanditos convenios de colaboración coas entidades colaboradoras que figuran no anexo Relación de entidades colaboradoras seleccionadas, entidades que colaborarán coa Consellería de Innovación e Industria na xestión das axudas aos traballadores autónomos para o acceso á sociedade da información.

O inicio das actuacións previstas neste réxime de axudas está suxeito ao disposto no artigo 11 da Orde do 26 de xuño de 2008, no que se recolle que o prazo de presentación das solicitudes de axuda no ano 2008 quedará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta relación de entidades colaboradoras, e permanecerá aberto ata o 10 de novembro de 2008, ou ata que se esgote o crédito orzamentario.

Así mesmo, tanto o artigo 4 como o 11 recollen as condicións para a participación de novas entidades colaboradoras no ano 2009, así como o proceso para a apertura dun novo prazo de solicitudes de axuda para os traballadores autónomos unha vez rematado o período habilitado no ano 2008.

Na súa virtude,

RESOLVO:

1. Ordenar a apertura do prazo de presentación de solicitudes para que os traballadores autónomos poidan tramitar as axudas para a compra de ordenadores persoais a través das entidades colaboradoras coa Consellería de Innovación e Industria, a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Faise indicación expresa, segundo o disposto no artigo 6 das bases reguladoras da Orde do 26 de xuño de 2008, de que para ser beneficiario se deberá tramitar a solicitude exclusivamente a través de calquera das entidades colaboradoras seleccionadas para este réxime de axudas, polo que os interesados deberán dirixirse ás devanditas entidades colaboradoras.

2. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de entidades asinantes do convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, segundo o establecido na orde do 26 de xuño de 2008, onde os traballadores autónomos poderán tramitar integramente a súa solicitude de axuda. Esta relación xúntase como anexo - Relación de entidades colaboradoras seleccionadas desta resolución.

Faise indicación expresa de que as entidades colaboradoras, segundo o disposto no artigo 14 - Obrigas específicas de publicidade da orde do 26 de xuño de 2008, deben dispor na súa páxina web de información suficiente dirixida aos seus clientes sobre o alcance deste réxime de axudas.

As entidades solicitantes que non aparezan no citado anexo deberán entender que non foron seleccionadas pola Consellería de Innovación e Industria, por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos. Tanto as entidades

seleccionadas como as non seleccionadas poderán obter información detallada das circunstancias que recaen na súa solicitude accedendo directamente ao taboleiro electrónico dispoñible na páxina web da Consellería de Innovación e Industria, no enderezo http://xunta.es/apps/axudas/login.do?cod_cons=IN&cod_proc=533A.

O acceso ao dito enderezo tamén pode facerse por navegación desde o enderezo da internet <http://www.conselleriaiei.org>, seleccionando a Oficina virtual, para a continuación acceder á aplicación Internet Expres, e dentro desta, escollendo o procedemento IN533A. Para o acceso ao contido do Taboleiro electrónico cada solicitante deberá introducir o código electrónico facilitado por esta dirección xeral, o que garante a intimidade do acceso á información.

3. Informar de que, en caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as entidades colaboradoras poderán dirixirse á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da

Información, a través dos teléfonos 981 95 74 56 ou 981 54 55 83, do número de fax 981 54 47 06, do enderezo de correo electrónico axudas.dxpisi@xunta.es, ou presencialmente. Nesta dirección xeral tamén se disporá dun taboleiro físico convencional onde poderá accederse en formato papel á información particularizada para cada unha das entidades presentadas, o que garante a igualdade no proceso de notificación para todos os solicitantes nun procedemento selectivo, e mesmo para aqueles que non obtiveron un código electrónico na súa solicitude ao non seguir as indicacións e medios de axuda para a obtención dos formularios normalizados previstos na orde reguladora.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2008.

P.D. (Orde 31-1-2006, DOG nº 24, do 3 de febreiro)
Emilio Nogueira Moure
Secretario xeral da Consellería de Innovación e Industria

ANEXO

Relación de entidades colaboradoras seleccionadas

Expte. IN533A-2008	Entidade colaboradora	Enderezo, CP, poboación	Provincia	Páxina web
8335	<i>Advanced Systems Puntobit, S.L.</i>	Avda. Lugo, 145, baixo, 15703 Santiago de Compostela	A Coruña	www.softic.es
8393	<i>Aracnosoft, S.L.</i>	Pol. ind. Bergondo, parroquia de Cortiñán, parcela I2, 15165 Bergondo	A Coruña	www.aracnosoft.com
8396	<i>AS Computer Maccenter, S.L.</i>	Avda. Barcelona, 4, local 2, 15706 Santiago de Compostela	A Coruña	www.asmaccenter.com
8280	<i>Asistec TI, S.L.U.</i>	Centro Comercial Os Tilos, Castiñeiro, 46, 15886 Teo	A Coruña	www.broker-informatica.es
8354	<i>AVA Soluciones Tecnológicas, S.L.</i>	Pol. ind. do Tambre, Mercagalicia, Uninova, 15890 Santiago de Compostela	A Coruña	www.avaforum.com
8134	<i>El Muelle Servicios Hosting, S.L.</i>	Condado, 1, baixo, 15940 A Pobra do Caramiñal	A Coruña	www.elmuelle.es
8232	<i>Iglesias Informática e Telecomunicacións, S.L.</i>	Pol. ind. Bértoa, parcela 4E, 15105 Carballo	A Coruña	www.iglesiasinformatica.com
8400	<i>IT-Projects S.L.</i>	Avda. Xeneral Sanjurjo 247, baixo, 15006 A Coruña	A Coruña	www.it-projects.es
8302	<i>Jet Machine Computers, S.L.</i>	Alcalde Peñamaría de Llano, 14, 15010 A Coruña	A Coruña	www.jmcinformatica.com
8200	Mouzo Villar, José Bernardino	Avda. Vilalba, 69-71, baixo, 15320 As Pontes de García Rodríguez	A Coruña	www.informouzo.com
8388	<i>PCS Galicia, S.L.</i>	Alcalde Salorio Suárez, 12, local 4, 15010 A Coruña	A Coruña	www.pcsgalicia.com
8245	<i>Rey Casais, Luciano 000975050K, S.L.N.E.</i>	Avda. Galicia, 3, baixo, 15970 Porto do Son	A Coruña	www.informaticadr.es
8322	<i>SBF, S.L.</i>	Nova de Abaixo, 5, baixo, 15706 Santiago de Compostela	A Coruña	www.sbf-informatica.com
8344	<i>Teleco Santiago, S.L.</i>	Pol. ind. Boisaca, Mº Ángeles de la Cándara, 32, 15890 Santiago de Compostela	A Coruña	www.grupoteleco.com
8356	<i>Augesa Servicios, S.L.</i>	Pascual Veiga, 20, baixo, 27002 Lugo	Lugo	www.augesa.es
8242	<i>Dunid, S.L.</i>	Rolda das Fontiñas, 129, 27002 Lugo	Lugo	www.dunid.org
8304	<i>Informática Integral Galega, S.L.</i>	Avda. Américas 1 ent. J, 27004 Lugo	Lugo	www.infotelecos.com
8155	<i>Innova Galicia Networks Solutions, S.L.</i>	Pazo de Feiras e Congresos, Palomar s/n, 27004 Lugo	Lugo	www.ign-solutions.com
8218	<i>Line Tecnología y Comunicación, S.L.</i>	Matías López, 50 - 6º E, 27600 Sarria	Lugo	www.linetechnologia.com
8305	<i>SCA Informática, S.L.</i>	Praza de Santo Domingo, 24 - 1º B, 27001 Lugo	Lugo	www.sca-informatica.com
8321	<i>Discount Informatico, S.L.</i>	Cabeza de Manzaneda, 29, 32005 Ourense	Ourense	www.disinf.com
8192	<i>Enbel Informática, S.L.</i>	Juan Manuel Bedoya, 31, baixo, 32004 Ourense	Ourense	www.enbel.net
8373	<i>Hita Torres Tridente 2007, S.L.</i>	Estrada de Madrid, km 235 urb. Gonoba, portal 1-2º C, 32911 San Cibrao das Viñas	Ourense	www.dynos.es
8360	<i>Redegal, S.L.</i>	A Telleira, 11 ent, 32004 Ourense	Ourense	www.redegal.com
8213	Campillo Casais, Manuel	López Mora, 72, 36211 Vigo	Pontevedra	www.microsvigo.net
8401	<i>Formade, S.L.</i>	Menéndez Pelayo, 25, baixo, 36211 Vigo	Pontevedra	www.icaformacion.com
8319	<i>Informatica Luis Pigni, S.L.U.</i>	Santo Domingo 1, 36204 Vigo	Pontevedra	www.beep.es
8279	<i>Informática Viguessa, S.L.</i>	San Roque, 90 (local), 36204 Vigo	Pontevedra	www.invi.net
8250	<i>Saec Data, S.A.</i>	Velázquez Moreno, 1, baixo, 36201 Vigo	Pontevedra	www.saec.es
8144	<i>Softgasa Informática, S.L.</i>	Camiño de Guirós - Sárdoma, 36206 Vigo	Pontevedra	www.softgasa.es
8208	<i>Software y Comunicaciones Marka Informática, S.L.</i>	Avda. de Madrid, 11, baixo, 36204 Vigo	Pontevedra	www.softmarka.es
8412	<i>Visual Publnet, S.L.</i>	Taboada Leal, 15, ent., 36203 Vigo	Pontevedra	www.visualpublnet.com

Resolución parcial do 30 de setembro de 2008 pola que se adxudican as axudas (anexo VII) da Orde do 31 de xullo de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 156, do 13 de agosto) pola que se convocan as axudas correspondentes a diversas accións formativas do Programa de recursos humanos, no marco do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica de Galicia-Incite (2006-2010) para o ano 2008.

A orde da Consellería de Innovación e Industria do 31 de xullo de 2008 (DOG nº 156, do 13 de agosto), aproba as bases que rexerán a convocatoria de axudas correspondentes a diversas accións formativas do Programa de recursos humanos, no marco do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica de Galicia-Incite (2006-2010) para o ano 2008.

No artigo 2 do anexo VII da mencionada orde de convocatoria determinábanse os requisitos que debían cumprir os candidatos.

A Comisión de Selección establecida no artigo 9 das bases xerais da Orde do 31 de xullo de 2008, na súa reunión do día 22 de setembro de 2008, tendo en conta os créditos dispoñibles, acorda:

1. Proponer a concesión dunha segunda prórroga dun ano de duración das axudas correspondentes ao Programa Isidro Parga Pondal, adxudicadas pola Resolución do 22 de setembro de 2004 (DOG do 2 de outubro) aos solicitantes que se relacionan no anexo I desta resolución.

Na súa virtude, atendendo a proposta elaborada pola comisión de avaliación establecida no artigo 9 da Orde do 31 de xullo de 2008 (DOG nº 156, do 13 de agosto), esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles as axudas correspondentes ás universidades do SUG que contraten os 36 candidatos seleccionados que se relacionan no anexo desta resolución.

Segundo.-Tal e como se establece na Orde do 31 de xullo de 2008 (DOG nº 156, do 13 de agosto), a duración dos correspondentes contratos será dun máximo dun ano de duración a partir do 1 de outubro de 2008.

Terceiro.-As axudas ás universidades do SUG, correspondentes aos 36 contratos, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 10.02.561B.444.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de

Galicia para os anos 2008 e 2009, de acordo coa distribución que figura na táboa seguinte:

Aplicación orzamentaria		* 10.02.561B.444.0		
Instit. beneficiaria	Nº axudas	Ano 2008	Ano 2009	Total
UDC	12	108.000,0	324.000,0	432.000,0
USC	12	108.000,0	324.000,0	432.000,0
UVI	12	108.000,0	324.000,0	432.000,0
Total	36	324.000,0	972.000,0	1.296.000,0

* Aplicación orzamentaria cofinanciada nun 80% con FSE

Cuarto.-A inobservancia por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na Orde de convocatoria do 31 de xullo de 2008 (DOG nº 156, do 13 de agosto) suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente.

Quinto.-Contra esta resolución poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Innovación e Industria, no prazo dun mes que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De non estimar a interposición deste recurso, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2008.

P.D. (Orde 31-1-2006, DOG nº 24,
do 3 de febreiro)

Emilio Nogueira Moure
Secretario xeral da Consellería de Innovación
e Industria

ANEXO

2ª Prórroga do Programa Isidro Parga Pondal-2004

Nº	Apellido 1º	Apellido 2º	Nome	DNI	Organismo
1	Bartolomé	Husson	Carolina	33268382D	USC
2	Bellas	Bouza	Francisco Javier	32675510P	UDC
3	Blanco	Mosquera	Olga María	32761014K	UDC
4	Casarejos	Ruíz	Enrique	36111846Y	USC
5	Costoya	Ramos	María Cristina	78791529S	USC
6	Docio	Fernández	Laura	78734065M	UVI
7	Esteban	Gómez	David	32816723R	UDC
8	Faro	Rivas	José Manuel	36011976W	UVI
9	Farto	Seguín	Rosa María	36108263B	UVI
10	Fernández	Pérez	María Isabel	32820460N	UDC
11	Fernández	Mosquera	Daniel	34892202Y	UDC
12	Flores	Arias	María Teresa	33299775F	USC
13	Fuente	Seijo	María Carme, de la	32799379E	USC
14	García	Santos	María Isabel	33290076Z	USC
15	Leao	Martins	José Manuel	X2350224S	UVI
16	Ligero	Martínez-Risco	Pablo	32778405R	UDC
17	López	Martínez	Paula	44808027W	USC
18	Martínez	Insua	Ana Elina	76622350N	UVI
19	Mateo	Orenes	María de la Paz	25696476W	UDC
20	Mato	Corzón	Marta María	34892511Q	UVI
21	Nieto	Prieto	Mª Isabel	34958285X	UDC
22	Novoa	Muñoz	Juan Carlos	34971299Y	UVI
23	Pastoriza	Santos	Isabel	52499227W	UVI